

Expediente núm.: 794/2022

Resolución

Procedemento: CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS PARA ASOCIACIÓN DE ACISA RECOLLIDAS NO ORZAMENTO XERAL DE 2022

Interesado: _____

Data de iniciación: 18.05.2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

VISTO o Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2022, onde figura o correspondente ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS QUE ACOMPAÑA AO ORZAMENTO PARA 2022, así como a consignación correspondente na aplicación orzamentaria, 431.47000 destinadas ao outorgamento de subvencións dunha axuda nominativa á Asociación de comerciantes de Ribadeo A.C.I.S.A por parte deste concello.

VISTO o convenio marco plurianual 2021-2023 asinado con ACISA o 9 de xullo de 2020 (Expediente 1149/2020) e se recoñece unha axuda nominativa que ascende a 16.000 euros para o ano 2022.

VISTA a reunión da Comisión Mixta do seguimento do Convenio marco plurianual que tivo lugar o 29 de marzo de 2022 e pola que se aproba a distribución do orzamento e dos conceptos subvencionables de cada anualidade tal e como se desprende da acta da reunión (Expediente 1323/2022)

VISTO á súa vez o disposto na seguinte normativa aplicable ao asunto en cuestión

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Bases de Execución do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2022
- Ordenanza Xeral reguladora de Subvencións do Concello de Ribadeo

Tendo en conta estes antecedentes, de acordo coa competencia outorgada polo artigo 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. – Aprobar a concesión das subvencións e axudas nominativas do exercicio 2022 recollidas nos Orzamentos Xerais a favor dos seguintes beneficiarios, coas finalidades e polos importes máximos que se recollen na táboa seguinte:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	OBJECTO E FINALIDADE
ACISA-CONVENIO CENTRO COMERCIAL ABERTO	G27118579	16.000 €	431.47000	"COMERCIO" – colaboración en materia de dinamización comercial e turística

SEGUNDO. – En aplicación do disposto no parágrafo 2º do apartado 1º do artigo 28 da Lei xeral de subvencións (LXS), que sinala os **CONVENIOS** como o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado ou das Corporacións locais, **aprobar o MODELO DE CONVENIO para 2022 E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA** que se engade como anexo a esta resolución.

Deste xeito, con cada a Asociación ACISA deberá asinar co concello un convenio específico para anualidade de 2022, **sen o que non se estimará cumpridos os requisitos necesarios para facer, no seu momento, efectivo o pagamento, no seu caso.**



Corresponderá en consecuencia ao Alcalde-Presidente da Corporación, en representación do Concello de Ribadeo, a competencia para a sinatura dos convenios a subscribir cos beneficiarios, nos que se recollerán os importes definitivos da axuda a cada asociación así como os dereitos e obrigas das partes, de acordo co disposto no citado artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

TERCEIRO.- Dar publicidade á concesión das presentes axudas no portal de transparencia municipal e base de datos nacional de subvencións, de acordo co sinalado no artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos beneficiarios das subvencións, instando a súa comparecencia no Concello de Ribadeo para a subscrición dos oportunos convenios, así como aos distintos departamentos municipais afectados, para que realicen os trámites precisos para que teña lugar esta sinatura.

Mándao e asínoa ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA, en Ribadeo, a data de sinatura en 2022; do que, como SECRETARIO, dou fe.

SECRETARIO,
JOSE A. CARRO ASOREY

ALCALDE
Asdo.: FERNANDO SUÁREZ BARCIA

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

